

trativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sexto.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Orde do 16 de outubro de 2009 pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Con data do 8 de abril de 2009 (DOG número 68) publicouse a orde desta consellería do 1 de abril de 2009, pola que se convocaban axudas para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais.

No artigo 9.2º da devandita orde establecíase que os beneficiarios da subvención quedan obrigadas a xustificar a totalidade do orzamento antes do 1 de novembro de 2009.

No día de hoxe e dado que o número de solicitudes presentadas superou as expectativas, xerouse unha complexidade na xestión e unha carga de traballo que supón un atraso na resolución da convocatoria.

Visto o anterior;

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Ampliación do prazo de xustificación.*

Ampliar ata o 30 de novembro de 2009 o prazo límite previsto no artigo 9.2º da orde de convocatoria para a xustificación da totalidade do orzamento.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2009.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

Resolución do 24 de agosto de 2009 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas para a conservación e a restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galicia.

Esta consellería resolveu a publicación da primeira relación de beneficiarios, que se especifican no anexo, das axudas concedidas no ano 2009 ao abeiro da Orde do 3 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán axudas destinadas a actividades de fomento para a conservación e a restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galicia.

Estas axudas fináncianse con cargo á aplicación orzamentaria 47.03.433A.781.0 dos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2009.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

ANEXO

Beneficiario	Proxecto	Importe €	Modalidade
Mª Carmen López Abel	Conservación e mantemento de hórreo en Cristimil	1.350,00 €	a
Celsa González García	Restauración dun hórreo en Mirce-Moldes	5.000,00 €	b
Diego Fraga Sanjurjo	Conservación de hórreo en Cezar	4.000,00 €	b
Germana Gómez Fernández	Restauración de hórreo en Vilardoi	3.659,00 €	b
María López Novoa	Obra de restauración en hórreo na Touza	4.900,00 €	b
José Antonio Vázquez Conde	Obra de restauración de hórreo en Santa Baia	3.586,80 €	b
José Rodríguez González	Obra de restauración en hórreo en Frameán	3.920,00 €	b
Luz González Ferreiro	Obra de restauración e conservación de hórreo en Lulas	4.018,00 €	b
Manuel Álvarez Vázquez	Obra de restauración de hórreo en Porrás-Oleiros	1.960,00 €	b
Jesús Boán Méndez	Restauración parcial do muíño de Covas	5.000,00 €	b
Jesús Boán Méndez	Restauración de hórreo en Covas-Castelo	2.734,23 €	b
Jesús Boán Méndez	Restauración parcial forno e contorno en Covas-Castelo	2.824,13 €	b
Xosé Manuel Boán Méndez	Restauración de pombal en Covas-Castelo	2.547,73 €	b
Xosé Manuel Boán Méndez	Restauración da ponte de Covas-Castelo	5.000,00 €	b
Ramón Fraga Martínez	Restauración de hórreo en Faia	2.310,00 €	b
Col. Cultural Alternat. Malaherba	Restauración do muíño da Regueira	5.000,00 €	b
José Luis Rodríguez Troncoso	Retellar pombal en Troncoso	4.135,08 €	b
Manuel Dobarro Otero	Restauración hórreo en Xar-Barcia	2.760,00 €	b
Paz González López	Conservación de hórreo en Carballedudonsión	4.031,00 €	b
Manuela González Troncoso	Restauración de hórreo en Borreiros	5.000,00 €	b
Plácida Hermida Paz	Obra de restauración de hórreo en Furco	3.430,00 €	b
José Carlos Piñeiro Santos	Restauración de hórreo na Toxa	3.477,50 €	b
Rosa Moure Becerra	Conservación-mantemento hórreo en Marcelle-Vilacova	1.400,00 €	b
José Pérez Pérez	Obras de restauración de cabaceiro na Xesteira	1.040,52 €	b
Domingo Costa Fernández	Conservación-mantemento muíño en Vilar de Cas-A Chaira	3.097,29 €	b
Mari Paz Fdez. Trillo-Figueroa	Restauración de hórreo en Xabariz-Soaserra	1.656,00 €	b